



SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 6 DE ABRIL DE 2.017

D. ANTONIO MOSQUERA RODRÍGUEZ Secretario Interventor do Concello de A Mezquita,
CERTIFICO:

Que o Pleno municipal en Sesión Extraordinaria Urxente de data 6/04/2017 adoptou os seguintes acordos:

1º.- DECLARACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

Tras manifestacións da Alcaldía sobre a urxencia da sesión, o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes, procede á aprobación da urxencia da sesión.

2º.- MOCIÓN RELATIVA Ó PECHE DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE VIANA DO BOLO

O Alcalde-Presidente do Concello de A MEZQUITA, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN DEMANDANDO A ANULACIÓN DA ELIMINACIÓN E PECHE DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE VIANA DO BOLO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A demarcación territorial do Rexistro da Propiedade de Viana do Bolo engloba aos concellos de Viana do Bolo, Vilariño de Conso, O Bolo, A Mezquita e A Gudíña. A oficina situada en Viana do Bolo é atendida nestes momentos por dúas administrativas e asistindo o rexistrador unha vez a semana, por estar vacante a praza. O territorio da demarcación conta cunha extensión aproximada de 840 km² e 7100 habitantes. Estas cifras dan unha idea das dimensións e da dispersión da poboación que hai nestes concellos. Esta demarcación ten raíces históricas e de identidade e funciona ininterrompidamente dende fai máis dun século.

O pasado 4 de marzo saíu publicado no BOE o Real Decreto 195/2017, de 3 de marzo, polo que se modifica a demarcación dos Rexistros da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobeis.

Neste Real Decreto suprimense 10 Rexistros da Propiedade en Galiza dos cales 5 están en Ourense.

O Real Decreto, asinado polo ministro de Xustiza Rafael Catalá do goberno presidido polo sr Rajoy, no seu anexo III di textualmente:

"...32. Rexistro da Propiedade de Verín-Viana do Bolo.

Os Rexistros da Propiedade que a continuación se relacionan:

Rexistro da Propiedade de Verín.

Rexistro da Propiedade de Viana do Bolo.

Situación actual: Desempeñado o primeiro deles por un rexistrador titular. Viana do Bolo encontrase en situación de longa interinidade.

Circunscrición actual: A circunscrición actual de cada un deles.

Procedese a agrupar ambos rexistros para ser desempeñados por un único rexistrador, dando lugar a:

Rexistro da Propiedade de Verín-Viana do Bolo.

Circunscrición: A agrupación dos distritos hipotecarios de ambos rexistros.



Tense por oficina principal a do Rexistro de Verín..."

O significado real deste Real Decreto é a eliminación e peche do Rexistro da Propiedade de Viana do Bolo e o paso a Verín.

A argumentación do ministerio de Xustiza para eliminar determinados Rexistros entre eles o de Viana está baseado exclusivamente en número de asentos presentados ou en interinidades prolongadas na titularidade das prazas.

Esta argumentación tendenciosa non ten en conta os criterios propios dun servizo público, como é a proximidade ao cidadán, descoñecendo totalmente a realidade do noso país e menoscaba a posibilidade de acceso presencial a este servizo. Non ten en conta a dispersión da poboación, o envellecemento, a extensión territorial, as distancias a percorrer as demarcacións máis próximas, as dificultades de comunicación e incluso as razóns históricas e de identidade. Nin sequera se xustifica nun aforro para a administración, pois este servizo págano directamente os cidadáns.

En resumo é un decreto feito dende Madrid para favorecer a unhas elites administrativas e non ten nada que ver co servizo nin coa poboación; obvia totalmente o deber público de acercar os servizos a poboación. É outro ataque do PP e do goberno de Rajoy aos servizos no medio rural

Por todo isto, solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Oporse a eliminación e peche do Rexistro da Propiedade de Viana do Bolo e sumarse a todas as accións encamiñadas a defender o mantemento do Rexistro da Propiedade en Viana do Bolo nas condicións actuais**
- 2. Demandar ao ministerio de xustiza a derogación da lexislación que implique a eliminación e peche do Rexistro de Propiedade de Viana do Bolo. Concretamente a que figura no Real Decreto 195/2017**
- 3. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno do estado, ao Ministro de Xustiza, ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza como competente en materia de Xustiza en Galiza**
- 4. Dar traslado deste acordo aos alcaldes e Corporación Municipal do Bolo, Vilariño de Conso, Viana do Bolo e A Gudíña como concellos afectados para demandarlles o apoio a estas demandas.**

Por unanimidade dos asistentes apróbase a moción.

3º.- MOCIÓN EN DEFENSA DE SANIDADE PÚBLICA DA COMARCA DE MONTERREI

O Alcalde-Presidente do Concello de A MEZQUITA, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA NA COMARCA DE MONTERREI RESPECTO Á SITUACIÓN DO HOSPITAL DE VERÍN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos está tendo lugar un aumento de pacientes na área de referencia do Hospital de Verín, malia esta situación estase dando un recorte de profesionais e servizos por parte da Xerencia da Xestión Integrada Ourense, Verín e O Barco; dirixidos ao desmantelamento da Sanidade Pública digna. Un aumento de pacientes na área leva por lóxica, un aumento de profesionais para dar un atendimento de calidade ó paciente.

Unha boa mostra deste recorte é a Unidade de Medicina Interna, xa que nos últimos tempos estase a reducir efectivos. Facendo unha comparativa con hospitais con áreas de pacientes e zona xeográfica similar, atopamos o Hospital do Barco de Valdeorras que conta con dez persoas na Unidade de Medicina Interna (oito internistas e dous



hematólogos). Esta falta de profesionais no Hospital de Verín leva a non poder dar servizos fundamentais como son Paliativos (non ten sentido ter unha unidade de Oncoloxía e non ter paliativos).

Tamén vimos en varias ocasións nos medios de comunicación como dende a Xerencia se anunciaba a posta en marcha do Servizo de HADO (Hospitalización a domicilio) no Hospital de Verín. Na actualidade non existe mencionado servizo a pesar de todos os anuncios feitos.

A situación non é exclusiva da Unidade de Medicina Interna. A Unidade de Paritorio non conta neste momento de pediatria hospitalaria, existindo unha clara recomendación por parte da Asociación de Pediatria respecto da necesidade de ter sempre unha unidade de pediatria durante 24 horas sempre que exista a Unidade de Paritorio.

Por todo isto, solicito do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) ás seguintes cuestións dentro do Hospital de Verín:

1.1.- Dotar de efectivos necesarios a Unidade de Medicina Interna tendo en conta o aumento de pacientes na área de referencia. Así como a restitución do servizo de paliativos.

1.2.- Posta en marcha e dotación do servizo de HADO (Hospitalización a Domicilio).

1.3.- Dotación de pediatria hospitalaria na Unidade de paritorio.

Por unanimidade dos asistentes apróbase a moción.

4º.- ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA, ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTONÓMICA DE GALICIA.

Dase lectura ó "Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a implantación da historia social única, electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia", así como as explicacións oportunas dos puntos relevantes de dito Convenio.

Por unanimidade dos membros asistentes apróbase a adhesión formal a todas e cada unha das cláusulas do Convenio, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e suxeición plan a todas elas.

5º.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNES FINANCIERAS DO PRÉSTAMO FORMALIZADO CO FONDO PARA A FINANCIACIÓN DE PAGO A PROVEEDORES

Acordan por unanimidade dos asistentes:

- 1) Solicitar a inclusión no plan.
- 2) Facer válido o informe de Intervención de data 16-03-2017
- 3) De ser incluídos no plan deberase de adoptar acordo sobre modificación das condicións do plan polo Pleno Municipal e co quorum de maioría absoluta.

E para que así conste expido o presente en A Mezquita a 31 de maio de 2017

Vº e Prace,
O ALCALDE,

O SECRETARIO,